

A Cámara informa ás empresas sobre a liberalización do mercado eléctrico

Ferrol. 02/07/2009. O vindeiro martes, 7 de xullo, a Cámara de Comercio de Ferrol acollerá unha xornada informativa sobre as repercusións que ten a liberalización do mercado eléctrico no custo da subministración ás empresas. Esta actividade organízase en colaboración coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

Ante as numerosas consultas que se recibiron nos últimos días, a Cámara pretende informar aos empresarios das posibles estratexias a adoptar ante a desaparición das tarifas integrais de enerxía eléctrica que até agora fixaba o goberno central.

Coa nova normativa (Real Decreto 485/2009) entran en vigor as denominadas tarifas de último recurso (TUR) ás que só poden acollerse os consumidores finais cunha potencia contratada igual ou inferior a 10 quilovatios, co que a gran maioría das empresas deberán recorrer ao mercado libre e contratar directamente unha tarifa cun comercializador autorizado.

O relator de está xornada será Jesús Castro, director da FAEPAC que informará aos participantes das repercusións que vai ter o paso da súa subministración ao mercado liberalizado, das ofertas que poden recibir dos comercializadores, das obrigacións e dereitos que xorden entre os novos axentes e dos proxectos que poden axudarlles a ser máis eficientes, axustando as súas facturas e reducindo custos.

Os empresarios interesados en formalizar a súa inscrición nesta actividade deberán poñerse en contacto canto antes co departamento de innovación da Cámara (981 333165 - innovacion@camaraferrol.org).

